



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

Diz Ferreira, Jorge

A construción da identidade rural na interacción bilingüe a través da negociación da
escollo de código en secuencias de apertura

Estudos de Lingüística Galega, vol. 9, 2017, pp. 23-48

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305652021002>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

A construción da identidade rural na interacción bilingüe a través da negociación da escolla de código en secuencias de apertura

Jorge Diz Ferreira
Universidade de Vigo
jorge.diz@uvigo.es

Recibido o 10/02/2017
Aceptado o 12/07/2017

Contracting rural identity in bilingual interactions through the negotiation of the choice of code in opening sequences

Resumo

A escolla de código constitúe unha estratexia conversacional moi rendible á hora de construír discursivamente a identidade na interacción. Neste sentido, os falantes proxectarán identidades diversas en función da escolla de código (galego, castelán ou variedades alternantes). Isto é especialmente interesante nas secuencias de apertura conversacional, momento no que se propón e se negocia unha definición da situación onde os participantes se presentan diante dos demais interlocutores. Neste traballo analizaremos as secuencias de apertura en varias conversas entre falantes, con distintas bagaxes culturais, que son membros dunha comunidade de prácticas rurbana. A través da exploración etnográfica e a observación participante, recolléronse mostras gravadas de fala espontánea (práctica da *lería* ou *parolar*) que permiten analizar, partindo dos presupostos da sociolingüística interaccional e a etnografía da interacción, como os falantes van (re)construíndo o seu tecido relacional xa na secuencia de apertura.

Palabras clave

Escolla de código, identidade conversacional, secuencias de apertura, etnografía interaccional, bilingüismo galego-castelán

Sumario

1. Introducción 2. As secuencias de apertura na conversa. 3. Identidades conversacionais e negociación da escolla de código. 4. Metodoloxía. 4.1. Os participantes. 4.2. Método de obtención e tratamento dos datos. 4.3. A selección das secuencias. 5. Análise interaccional: escolla de código e construción da identidade en secuencias de apertura. 5.1. Escolla de código non coincidente. 5.2. Escolla de código coincidente. 6. Conclusións.

Abstract

The choice of code is a highly effective conversational strategy for constructing identity through discourse. Speakers project different identities by means of code choice between Galician, Spanish or code-switching varieties. This is particularly pertinent in conversational opening sequences when the situation is defined and the participants introduce themselves to each other. This paper analyses opening sequences in a number of conversations among speakers with different cultural background who belong to a rural community. Samples of spontaneous speech collected through ethnographic exploration and participant observation were used to analyse, in terms of interactional sociolinguistics and ethnography of interaction, the way speakers begin to (re)construct their relational network in the opening sequence.

Keywords

Code choice, conversational identity, opening sequences, interactional ethnography, Galician-Castilian bilingualism

Contents

1. Introduction. 2. Opening sequences in conversation. 3. Conversational identities and code negotiation. 4. Methodology. 4.1. Participants. 4.2. Method of data collection and treatment. 4.3. Sequence choice. 5. Interactional analysis: code choice and construction of identity in opening sequences. 5.1. Coincident code choice. 5.2. Non-coincident code choice. 6. Conclusions.

1. INTRODUCCIÓN

A escolla de código é unha estratexia moi rendible, entre falantes bilingües, á hora de construír e negociar identidades na conversa cotiá, na medida en que axuda non só a manifestar proximidade ou distanciamento respecto dos nosos interlocutores (endogrupo vs. exogrupo) ao seleccionar estilos converxentes ou diverxentes, senón tamén porque permite observar o proceso de construción do marco interpretativo que guía a práctica conversacional e, en consecuencia, orienta a produción contextualizada das (autor)representacións identitarias (o *self*). Neste sentido, a negociación conversacional da escolla de código, xunto con outros aspectos tamén negociables, contribúe á proxección dun marco sobre o que se establecerá a *definición da situación*. De acordo coa teoría dos marcos (*frames*) que organizan a nosa experiencia social (Goffman 1997 [1959], 2006 [1976]), en cada interacción concreta as persoas tendemos a aplicar un ou máis esquemas interpretativos que permiten “a su usuario situar, percibir, identificar y etiquetar un número aparentemente infinito de sucesos concretos definidos en sus términos” (Goffman 2006 [1976]: 23) e que definen, xa que logo, o sentido de cada encontro.

As escollas de código producidas nas aperturas conversacionais contribúen a establecer conxuntamente unha primeira definición da situación, que, no entanto, está suxeita a modificacións posteriores. Como explica Gallardo Paúls (1993: 67), “el carácter ritual de la secuencia de apertura se concreta en una negociación de los papeles que se barajan en la conversación (...)”. Esta función básica de negociación puede asumirse bajo el término sociológico de DEFINICIÓN DE LA SITUACIÓN” (maiúsculas da autora). A negociación que se produce nestas secuencias de apertura caracterízase por dous aspectos básicos: dun lado, unha definición inicial da situación, que, nun sentido xeral, permite “identificar cooperativamente una cierta estructura de interacciones, expresiones, comportamientos, expectativas, valores, como adecuados a los sujetos en aquel momento. (...) *Definir una situación quiere decir, pues, estipular el significado del encuentro*” (Wolf 1982: 35-36, cursiva do autor); e, por outro, o carácter ritual da propia secuencia, xa que, segundo Kerbrat-Orecchioni (1998 [1990]: 220), as secuencias de apertura “ont une fonction essentiellement relationnelle, et une structure fortement stéréotypée”. Pero, malia o carácter convencionalizado das secuencias de apertura (así como tamén das secuencias de peche), xa apuntado nos traballos pioneiros da análise estrutural da conversa (Schegloff 1967: 50; 1968)¹, existe certa marxe para definir a situación de partida e enmarcar a práctica conversacional; nesta definición da situación inicial interveñen todos os participantes a partir do que Goffman (1997 [1959]: 21-22) chama “acordo de traballo” (“working consensus” na obra orixinal en inglés), que constitúe unha especie de marco baleiro que se vai enchendo, entre outros aspectos relacionados cos obxectivos, metas e finalidades da propia conversa, coas atribucións e proxeccións identitarias dos participantes e cos roles asignados aos outros falantes que interveñen na interacción.

O obxectivo principal deste artigo é determinar como, nesta primeira negociación da situación producida nas secuencias de apertura de conversas nas que os falantes están *de leria* —e que, porén, non exclúe redefinicións posteriores e un constante proceso de reenmarcamento (*reframing*, Goffman 1997 [1959], 2006 [1976]; Tannen 1993)—, a escolla de código e a negociación en volta do código actúan como elementos centrais ao servizo da indexación de identidades máis ou menos rurais —por exemplo, como *veciños* dunha parroquia rural—, de identidades máis ou menos urbanas ou mesmo de identidades rurbanas ou híbridas.

2. AS SECUENCIAS DE APERTURA NA CONVERSA

A maior parte dos estudos sobre as secuencias de apertura están baseados en conversas telefónicas (quer por teléfono fixo, quer por teléfono móbil) e, en xeral, os datos están extraídos das chamadas en contextos profesionais e de traballo (chamadas realizadas a *call centers* ou a sec-

¹ A pesar de traballar sobre conversas telefónicas, os traballos de Schegloff sobre as secuencias de apertura recollen algunhas características que poderían ser aplicables a unha parte dos nosos casos: como apuntamos arriba, a rixidez estrutural, a súa organización interna en pares adxacentes, o emprego de expresións formulaicas etc.

cións de reclamacións e queixas de empresas, chamadas de teleoperadores que ofertan produtos ou servizos etc.) (Schegloff 1967, 1968, 1979; Hopper 1992; Lindström 1994; Coronel-Molina 1998; Luke / Pavlidou 2002; Ten Have 2002; Arminen 2005; Arminen / Leinonen, 2006). Neses traballos, púxose o énfase na estrutura das secuencias de apertura que, pola súa ritualización, é facilmente recoñecible. Seguindo a André-Larochebouvry (1984) (ver Gallardo Paúls 1993: 68-76), podemos distinguir cinco fases neste tipo de secuencias marco: 1) saúdos, 2) presentacións, 3) identificacións e recoñecemento, 4) procedementos de toma de contacto e 5) estratexias de abordaxe. Igual que nos estudos fundacionais de Schegloff (1967, 1968, 1979), esta estrutura das secuencias de apertura está baseada en conversas telefónicas, o que, en certo modo, limita as posibilidades conversacionais dos falantes en tanto que prefixa dous roles evidentes: quen chama (*the caller*), que “knows both his identity, and, typically, that of his intended interlocutor (whether a specific person or an organization is being phoned)”, e quen recibe a chamada (*the answerer*), que “knows only who he is and not specifically who the caller is” (Schegloff 1968: 1076-1077).

Na conversa cotiá espontánea, pola contra, os falantes amosan o seu compromiso de involucrase nun tipo de actividade; así, “la mayoría de las veces las conversaciones no comienzan (...) con un enunciado explícito que propone su inicio—. Existen otras posibilidades que todos los miembros de una comunidad de habla reconocemos como una propuesta para empezar a conversar” (Tusón Valls 1997: 39). O compoñente non verbal xoga, nos momentos previos ao intercambio verbal na conversa cara a cara, unha función primordial xa que constitúe un claro indicio da predisposición das persoas para comezar a interactuar. Xunto a estes indicios non verbais (a ollada, a orientación corporal etc.)², existen outros recursos (neste caso, verbais) recoñecibles que nos permiten interpretar as intencións do interlocutor: de feito, “[n]uestra experiencia «conversadora» nos permite reconocer en saludos, preguntas, exclamaciones, expresiones enunciativas etc., un deseo, una intención de conversar y no de obtener una simple respuesta mínima” (Tusón Valls 1997: 41-42). Seguindo, pois, a estrutura proposta por André-Larochebouvry (1984), adaptada ás secuencias de apertura en conversas espontáneas cara a cara, podemos identificar estes momentos previos como a *fase de identificación e recoñecemento*, tanto do falante como da súa intención de iniciar unha conversación.

Tamén preceden ao intercambio de saúdos, os procedementos de *toma de contacto* (fase 4 da estrutura de André-Larochebouvry 1984), que, na conversa cotiá, adoitan ser xestuais ou proxémicos. Con todo, os mecanismos de toma de contacto estarán activos durante toda a conversa xa que actualizan a nosa predisposición para continuar coa interacción (Goodwin 1981).

A continuación, prodúcese a terceira fase, o *intercambio de saúdos*, que a miúdo constitúe un par adxacente do tipo: A: *Ola!* / B: *Ola!* ou A: *Bos días.* / B: *Bos días.* Cando non hai un compromiso de continuar a conversa por parte dalgún dos participantes, podemos falar de intercambio oral mínimo, un simple intercambio rutineiro de saúdos; en cambio, cando hai unha disposición para desenvolver un encontro máis longo (por exemplo, cando diminuímos o paso ou facemos o aceno de nos deter ao cruzarnos con alguén pola rúa, ou cando abrimos os ollos mostrando sorpresa ou empregamos calquera outro xesto que denote interese), os saúdos constitúen o procedemento de apertura verbal máis común. Con todo, os saúdos verbais non son as únicas fórmulas de apertura dispoñibles; de feito, na conversa cotiá cara a cara poden substituírse por saúdos non verbais, como erguer o brazo movendo a man, miradas ou sorrisos etc., así como por preguntas de interese ou pola saúde (Moreno Fernández 1986; Gallardo Paúls 1993)³.

Talos saúdos, produciríase, de ser preciso, a *fase de presentación de participantes* só coñecidos por algunha das persoas presentes, que actuaría como un mecanismo de lexitimación dos novos participantes. Por último, as *estratexias de abordaxe* do tipo “Perdoe, podería

² Para Goodwin (1981: 96) os indicios non verbais constitúen mecanismos que permiten recoñecer a implicación ou non implicación das persoas na actividade interaccional; neste senso, “by displaying engagement toward another, one treats that other as available for such observation and coparticipation and not as someone then occupied with private activities that are not to be observed”.

³ Ás veces, as preguntas de interese poden constituir fases independentes, de xeito que poden dar lugar a secuencias ou subsecuencias que funcionan como indicios de familiaridade entre os participantes. Nestes casos, as mostras de interese interprétanse en termos de cortesía social, como unha forma de actualizar a relación de intimidade ou os lazos de veciñanza.

indicarme como chegar á facultade?”, moi pouco frecuentes na conversa coloquial, mesmo poderían substituír aos saúdos, xa que actúan como fórmulas de acceso a interlocutores de dispoñibilidade restrinxida.

Como acabamos de ver, as diferenzas entre a estrutura das secuencias de apertura nas conversas telefónicas e nas conversas cara a cara teñen que ver, fundamentalmente, coas fases de recoñecemento e toma de contacto, que nestas últimas conversas preceden á fase dos saúdos. Na seguinte táboa presentamos, de xeito esquemático, a nosa proposta, confrontada coa de André-Larochebouvry (1984) para as conversas telefónicas:

	Conversas telefónicas (André-Larochebouvry 1984)	Conversas cara a cara
Fase 1	Saúdos	Identificación e recoñecemento (canle visual)
Fase 2	Presentación	Toma de contacto (canle visual)
Fase 3	Identificación e recoñecemento	Saúdos
Fase 4	Toma de contacto	Presentacións
Fase 5	Estratexias de abordaxe	Estratexias de abordaxe

Táboa 1. Diferenzas estruturais entre as aperturas en conversas telefónicas e en conversas cara a cara

Esta estrutura non é, en absoluto, ríxida. Dentro da súa ritualización, existe certo grao de variación que depende do contexto situacional, do grao de formalidade do encontro, dos participantes e da súa relación interpersoal etc. Existe, ademais, certa marxe para a negociación do marco interpretativo e da definición da situación inicial na que os interlocutores proxectarán as súas identidades conversacionais. No seguinte apartado trataremos a cuestión da escolla de código que, en tanto *indicio de contextualización* (Gumperz, 1982a; Heller, 1982), contribúe á negociación das identidades na interacción (Heller, 1982).

3. IDENTIDADES CONVERSACIONAIS E NEGOCIACIÓN DA ESCOLLA DE CÓDIGO

As *identidades conversacionais* non son produtos estáticos, senón que polo contrario constitúen representacións do *eu* (ou *self*) obxecto de negociación, construción e deconstrución no proceso interactivo. Dende o comezo da propia conversa, é fundamental a negociación das identidades, tal e como sinala Goffman (1997 [1959]: 22),

Al notar la tendencia de un participante a aceptar las exigencias de definición hechas por los otros presentes podemos apreciar la importancia decisiva de la información que el individuo posee *inicialmente* o adquiere sobre sus coparticipantes, porque sobre la base de esta información inicial el individuo comienza a definir la situación e inicia líneas correspondientes de acción. La proyección inicial del individuo lo compromete con lo que él se propone ser y le exige dejar de lado toda pretensión de ser otra cosa. A medida que avanza la interacción entre los participantes, tendrán lugar, como es natural, adiciones y modificaciones de este estado de información inicial, pero es imprescindible que estos desarrollos posteriores estén relacionados sin contradicciones con las posiciones iniciales adaptadas por los diferentes participantes, e incluso estar contruidos sobre la base de aquellas.

Na teoría da *presentación da persoa* nas interaccións da vida cotiá de Goffman (1997 [1959], 2005 [1967]), quedan de manifesto dous aspectos que serán adoptados pola teoría construcionista da identidade desenvolvida a partir dos anos 60 e 70 (Berger / Luckmann 1984 [1967]): en primeiro lugar, as construcións identitarias dos falantes teñen unha dimensión sociocultural e pragmática —é dicir, dependerán do coñecemento previo dos seus interlocutores, da súa *historia conversacional* (Golopentia-Eretescu 1986) e das prácticas da súa comunidade (sistemas de presuposicións e mundos compartidos, ideoloxías, valores etc.)— e unha dimensión interactiva, na medida en que as construcións identitarias son actualizadas, momento a momento, na interacción a través dos indicios de contextualización (Gumperz 1982a). As investigacións máis recentes sobre as identidades conversacionais manifestan, de feito, esa tensión entre os aspec-

tos sociais, culturais e ideolóxicos das identidades e a súa actualización no transcurso de cada interacción particular, na que tales aspectos poden ser reinterpretados, modificados, discutidos etc., en función da negociación conversacional que se leve a cabo⁴ (Antaki / Widdicombe 1998a; De Fina / Schiffrin / Bamberg 2006a; Bamberg / De Fina / Schiffrin, 2007). Seguindo a De Fina, Schiffrin e Bamberg (2006b: 3), “[i]dentity claims are seen as «acts» through which people create new definitions of who they are. (...) Thus identities are seen not as merely represented in discourse, but rather as performed, enacted and embodied through a variety of linguistic and non-linguistic means”.

O segundo aspecto que podemos extraer da teoría goffmaniana é a súa concepción da identidade como proceso (De Fina 2011), máis que como produto preexistente ao propio suxeito. Toda interacción entraña unha negociación, na que, como outros elementos do universo interaccional, a identidade tamén pode ser negociada. A idea de que a identidade é unha construción dos falantes na práctica interaccional está fundamentada no paradigma do construcionismo social (Berger / Luckmann 1984 [1967]) e os seus desenvolvementos posteriores (Kroskrity 1993, 1999) aplicados á análise das identidades no discurso (De Fina / Schiffrin / Bamberg 2006a). As achegas da sociolingüística interaccional (Gumperz 1982a, 1982b) inciden precisamente nesa concepción da identidade como unha construción do eu (o *self*) localmente ocasionada no contexto interaccional, fluída e líquida, que pode negociarse momento-a-momento na interacción a través de escollas estilísticas que actúan como indicios de contextualización (Antaki / Widdicombe 1998a; De Fina 2011). Dende este punto de vista, Bamberg, De Fina e Schiffrin (2011: 182) apuntan que

speakers, in their choices of how they say what they say—which may be as detailed as a breath intake at a particular point in the interaction—are interpreted as making use of (indexical) devices that cue listeners on how to read their messages as interactively designed. It is through a reading of these means that hearers (or more generally, recipients) come to a reading of the speaker’s intentions and ultimately to a reading of how speakers present a sense of who they are.

Na interacción, polo tanto, os falantes levan a cabo escollas estilísticas para construír a súa identidade. De acordo con Gumperz (1982a, 1982b), os indicios de contextualización (*contextualization cues*) están asociados á negociación do sentido da interacción e, polo tanto, participan na construción da identidade social e étnica dos falantes⁵. Seguindo a Gumperz e Cook-Gumperz (1982: 18), “[w]e use our knowledge of grammar and lexicon, along with contextualization conventions and whatever background information we have about settings and participants, to decide what discourse task is being performed and what activity is being signalled”. Nesta definición da situación, polo tanto, os participantes actualizan as identidades sociais e étnicas, convencionadas a través das prácticas que se desenvolven nesa comunidade, mediante eleccións significativas de determinadas formas de fala. Seguindo o camiño iniciado por Gumperz, outros investigadores do paradigma interaccionista apuntan a importancia dos indicios de contextualización na proxección de identidades no discurso, non tanto como ferramentas que relacionan categorías sociais, culturais e ideolóxicas coas representacións dos individuos no seu discurso (Foucault 1988, 2002; Fairclough 1989), senón como mecanismos *indexicais* (Silverstein 1976) que varían amplamente en función de aspectos persoais, contextuais etc.; do mesmo xeito que pronomes como “eu” ou adverbios como “aquí” ou “agora”, as escollas estilísticas teñen unha natureza indexical e, en consecuencia, están ao servizo da produción de identidades diferentes en contextos interaccionais distintos (Antaki / Widdicombe 1998b: 3-4; Bamberg / De Fina / Schiffrin 2011).

Na conversa bilingüe, un dos indicios de contextualización —acaso o máis importante— que contribúe decisivamente á construción da identidade no discurso é a escolla de código, así

⁴ Bamberg, De Fina e Schiffrin (2011) sinalan unha relación dialóxica entre os Discursos D-Maiúsculo (*Capital-D Discourses*) e Discursos d-Minúsculo (*Small-d Discourses*) para facer referencia a esa tensión entre, por unha banda, as identidades sociais, culturais e colectivas e os compoñentes ideolóxicos das mesmas (que se producen dende os discursos do poder ou Discursos D-Maiúsculo e dan lugar a categorías macrosociolóxicas) e, por outra, a súa actualización na conversa cotiá dos individuos (ou Discursos d-Minúsculo), onde se constrúen as identidades local e contextualmente.

⁵ Para Gumperz e Cook-Gumperz (1982: 7), “social identity and ethnicity are in large part established and maintained through language”.

como todos os procesos discursivos relacionados con ela (alternancias de código, estilos alternantes, negociación da escolla de código etc.) (Grosjean 1982; Myers-Scotton 1983; Auer 1984, 1998a; Romaine 1995 [1989]; Alfonzetti 1992; Milroy / Muysken 1995). O código, tal e como sinala Kerbrat-Orecchioni (1998 [1990], 2000, 2005), é un dos elementos da interacción susceptible de ser negociado no transcurso da propia conversa e, polo tanto, intervéñe na definición da situación e na proxección de identidades: “les négociations à ce sujet son d’autant plus fréquentes, et parfois laborieuses, qu’elles sont lourdes d’enjeux symboliques: à travers la langue retenue, c’est toujours l’identité des interlocuteurs qui se joue” (Kerbrat-Orecchioni 2000: 87). Ese carácter simbólico atribuído á escolla e negociación do código estaría asociado ás macroidentidades (identidades sociais, culturais, de xénero, étnicas etc.); porén, serán indicios dunha determinada proxección identitaria, localmente e contextualmente construída, no nivel microdiscursivo. Na mesma liña, Heller (1978, 1982) incide, precisamente, na idea de que a escolla do código, na medida en que se asocia simbolicamente cun determinado grupo social, contribúe á construción e negociación da identidade dos participantes na conversa.

Nas secuencias que imos analizar a continuación, a escolla de código pode ser non coincidente, é dicir, un falante A escolle un código (castelán ou galego) e un falante B escolle outro código distinto (galego ou castelán). Esta non coincidencia nos códigos dá lugar a unha negociación da escolla de código e das representacións identitarias de cada un dos participantes. Cando a escolla é coincidente, os falantes converxen dende a primeira intervención nun dos códigos (galego ou castelán), de modo que a negociación se establece, en principio, en termos de proximidade. Na conversa bilingüe existiría un principio de preferencia polo mesmo código (ou “preference for same language talk”, Auer 1984: 23); xa que logo, cando non se produce unha coincidencia na escolla de códigos, establécese unha negociación: “the notion of a ‘language negotiation sequence’ is supposed to capture all those stretches of talk in which participants do not agree on one common language-of-interaction” (Auer 1998b: 8). A non reciprocidade na escolla de código foi amplamente estudada na bibliografía sobre o bilingüismo e o *code-switching*: Woolard fala de *bilingual norm* para facer referencia ao feito de que os falantes non realicen a mesma escolla de lingua nin tampouco de código: “it is not impolite for speakers to continue using their own language even when reponses come in the other” (1989: 77). A miúdo, esta cuestión tense abordado dende a óptica das ideoloxías lingüísticas e das linguas como ferramentas de poder e dominación (Woolard 1989, 2007; Gal / Woolard 2001; Prego Vázquez 2007, 2010; Prego Vázquez / Zas Varela, 2015), máis que dende a propia interacción cotiá, espazo no que a relación interpersoal se establece, en principio, en termos de igualdade.

Asemade, as alternancias de código ou *code-switching*, como indicio de contextualización (Gumperz 1982a), teñen un papel importante nas representacións dos “eus” na medida en que, a través das alternancias, os falantes producen unha nova escolla que podería modular a súa identidade no discurso. Ora ben, as alternancias de código non son sempre interaccionalmente rendibles; neste sentido, Gumperz (1964) fala de “code-switching style” para se referir a eses tramos de discurso bilingüe nos que hai continuas insercións de dúas linguas; trátase pois de alternancias non marcadas (Myers-Scotton 1983, 1988, 2000) ou non significativas, de modo que non todos os cambios de lingua na conversa poden ser considerados alternancia de código, conmutación de códigos ou *code-switching* (Álvarez Cáccamo 1998, 2000). No caso galego, a alternancia de linguas non significativa pode producir códigos alternantes:

é duvidoso que na Galiza no tipo de discurso galego-português/español chamado “castrapo” cada punto de alternância deva considerar-se um ponto de CS, e nem sequer que todo o estilo tenha um efeito significativo. Pode acontecer que a alternância significativa seja entre “discurso unilíngue em espanhol” e “discurso com elementos galegos”, numa sorte de alternância “em capas” (Álvarez Cáccamo 2000: 117).

En todo caso, para a nosa análise utilizaremos fragmentos de fala bilingüe onde as alternancias de código con cambio de lingua sexan interaccionalmente significativas para a negociación do marco e a construción identitaria.

4. METODOLOXÍA

4.1. Os participantes

A nosa investigación parte da análise interaccional de conversas entre falantes bilingües galego-castelán, que participan nunha mesma *comunidade de prácticas* (Lave / Wenger 1991; Wenger 2001 [1998]; Eckert / Wenger 2005; Eckert 2006) *bicultural*, na medida en que está integrada por persoas con *estilos de vida* máis ou menos rurais ou máis ou menos urbanos. Neste traballo, seleccionamos catro conversas nas que interactúan Jorge (25 anos), mozo universitario que vive na parroquia gondomarense de Donas, e Charo (sobre 55 anos), natural da mesma parroquia que Jorge, onde aínda reside parte da súa familia, e emigrada na cidade de Vigo (onde rexentou un negocio de restauración); na actualidade, Charo traballa no centro da vila de Gondomar, como operaria de limpeza, de modo que os encontros espontáneos con Jorge se producen na rúa. En todo caso, trátase de falantes que comparten a súa participación nun *sistema de prácticas* (Duranti 2000) máis ben rural e teñen, nalgunha medida, unha experiencia bicultural, rurbana ou híbrida. Ademais dos dous actores principais, tamén participan ocasionalmente outras persoas que forman parte da mesma comunidade e manteñen relacións diversas tanto con Jorge como con Charo.

4.2. Método de obtención e tratamento dos datos

A metodoloxía etnográfica (Gumperz / Hymes 1986 [1972]; Saville-Troike 2003 [1982]) que sustenta o traballo empírico desta investigación permite recoñecer os encontros clave (*key encounters*, Hymes 1986 [1972]) na vida cotiá dos participantes da comunidade de prácticas; deste xeito, podemos observar aqueles eventos comunicativos ou eventos de fala (*speech events*, Hymes 1986 [1972]), que teñen unha maior rendibilidade á hora de analizar a construción das identidades dos falantes. Así, os encontros casuais no centro da vila de Gondomar entre Jorge e Charo dan lugar a unha variante da práctica comunicativa rural que podemos describir como *estar de lería*; leriar é unha práctica conversacional propia do mundo rural, en tanto que o *timing* cultural (Zerubavel 1981), máis pausado, permite investir máis tempo no *falar por falar*.

As gravacións foron realizadas dun xeito inadvertido, con micro oculto, coa intención de favorecer a obtención de fala espontánea, de estilos vernáculos, esenciais na análise das identidades no discurso. A través deste procedemento de gravación, resolvemos o problema do paradoxo do observador (Labov 1972), na medida en que podemos "to find out how people talk when they are not being systematically observed; yet we can only obtain these data by systematic observation" (Labov 1972: 209). Por outra banda, a intervención do investigador como observador-participante (Malinowski 2001 [1922]; Mead 1928; Spradley 1979, 1980; Hammersley / Atkinson 2007 [1983]) contribúe tamén a crear un escenario propicio para conseguir mostras de fala coloquial. Finalmente, todas as conversas gravadas foron transcritas conversacionalmente, a partir do sistema de transcripción empregado no Co.Fa.Bil (Corpus de Fala Bilingüe Galego/Castelán da Universidade de Vigo, Rodríguez Yáñez *et al.* 2001; Rodríguez Yáñez / Casares Berg 2002-2003), baseado no proposto por Álvarez Cáccamo (1990) (ver Anexo).

4.3. A selección das secuencias

Como xa comentamos ao inicio do artigo, optamos por analizar as secuencias de apertura de catro conversas espontáneas que se desenvolven no centro da vila de Gondomar. Nos primeiros momentos de calquera encontro, os falantes tratan de definir o marco interpretativo inicial (constituído polas regras, expectativas e metas que guían esa práctica interaccional concreta) no que se contextualizarán as contribucións dos interlocutores (Goffman 2006 [1976]). O interese de analizar as secuencias de apertura radica no feito de que a negociación que se establece nelas ten como obxectivo determinar o sentido do encontro e, polo tanto, os falantes producirán representacións do seu *eu* (ou *self*) acordes con esa definición significativa da práctica interaccional.

5. ANÁLISE INTERACCIONAL: ESCOLLA DE CÓDIGO E CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE EN SECUENCIAS DE APERTURA

Nun artigo anterior, analizabamos a escolla e negociación do código no marco da Teoría da Acomodación Lingüística e as súas implicacións nunha discusión familiar (Diz Ferreira 2016). Como comentábamos naquel artigo, cando se produce un conflito conversacional, a escolla dun código responde a estratexias conversacionais de acomodación converxente ou diverxente coa finalidade de mostrar adhesión ou non ás posicións dalgúns dos interlocutores. Nese traballo situabamos a análise das identidades na teoría do posicionamento (*positioning*, Davies / Harré 1990): as identidades dos falantes defíníanse a través do emprego de determinados indicios (escolla de código, trazos dialectais etc.), que permitían aos falantes posicionarse como partidarios dunha determinada liña argumental e, ao mesmo tempo, presentarse como membros dun grupo, así como diferenciarse do grupo dos interlocutores cos que estaban enfrontados; noutras palabras, os indicios estudados estaban ao servizo das autorrepresentacións identitarias e da propia construción como membros do endogrupo, así como da asignación dunhas determinadas identidades aos seus interlocutores, construídos como exogrupo.

No presente artigo, queremos analizar como a escolla de código, que pode ser obxecto dunha negociación moi significativa nas interaccións bilingües, indexa identidades máis ou menos asociadas co mundo rural. Tanto Charo como Jorge teñen unha historia conversacional e posúen experiencias previas comúns (que se poden rastrexar a través da información compartida, das mostras de interese, das expresións de intimidación etc.). É máis, xa dende o comezo de cada encontro casual, constrúense como membros dunha mesma comunidade, na que se comparten unhas mesmas prácticas (por exemplo, *estar de leria* ou *parolar*). A miúdo, as prácticas do mundo rural, como a *leria*, están popularmente asociadas con formas de socialización máis tradicionais, estilos de vida nos que se valora máis a relación interpersoal e a solidariedade⁶ e ritmos culturais moito máis tranquilos. *Estar de leria* na taberna, nas sobremesas familiares, na tenda do barrio ou parroquia ou mesmo pola rúa é unha actividade cotiá fortemente enraizada no mundo rural tradicional, a pesar das transformacións do agro na actualidade, como un xeito de actualizar os lazos de solidariedade e veciñanza. Esta práctica precisa tamén duns estilos conversacionais, que activan o marco de participación e interpretación do encontro. A seguir, afondaremos pois na negociación de escolla de código, a fin de observar o proceso segundo o cal se vai proxectando o marco propicio para *estar de leria*. As escollas de código e o *code-switching*, en tanto indicios contextualizadores, virían a desencadear os procesos inferenciais precisos para enmarcar a práctica.

5.1. Escolla de código non coincidente

A primeira apertura que imos analizar forma parte dunha conversa que ten lugar durante un encontro casual entre Charo e Jorge nunha rúa da vila. Jorge está agardando por alguén que o recolla para ir ao traballo; Charo, unha veciña á que coñece de sempre e que, nese momento, está desenvolvendo as súas funcións de varredora, advirte a presenza de Jorge e achégase para saudar. A interacción, presumiblemente, podería comezar cun intercambio de saúdos non verbal, despois dunha fase de recoñecemento, dende unha certa distancia. A continuación, produciríanse os primeiros intercambios verbais, en forma de preguntas de interese.

Fragmento 1. Secuencia de apertura: *tás esperando a alguien?*

01	Charo	tás esperando a alguien ↑?
02	Jorge	tou ↓

⁶ Gondar Portasany (1993: 60-62) ten sinalado que a vida cotiá no mundo rural desenvólvese no terreo da tensión entre o conflito familiar e interveciñal e o sentimento de solidariedade comunal. En todo caso, a solidariedade, malia estar sempre ameazada polo conflito entre veciños, supón unha necesidade nun ámbito no que a colaboración para as tarefas do campo é moi necesaria.

súa imaxe de traballadora. En 02-04, Jorge produce a súa resposta e propón unha escolla de código galego; en efecto, 02 tou ↓ / 03 tou ↓ son variantes realizatorias galegas do verbo *estar* con aférese⁸. Neste intercambio verbal co que comeza a conversa observamos unha primeira elección do código non coincidente: en 01 Charo emprega un código que recoñecemos como castelán, sobre todo a partir da forma *alguen*⁹; Jorge non converxe con Charo, non porque rexeite o marco de proximidade/intimidade creado a través da pregunta de interese, senón porque, como observaremos nas súas intervencións posteriores, constrúe a súa identidade de veciño, nesa situación de proximidade, a través do uso do galego.

Tanto en 05 como en 07, Charo mantén a súa elección inicial e produce as súas intervencións en castelán: en 05 formula novamente unha pregunta, que Jorge responde afirmativamente en 06. O enunciado 07 **muy bien** ↓ serve de réplica á resposta de Jorge. Tanto 05 como 07 veñen confirmar a escolla de código inicial de Charo. A pregunta de 08 (a *qué hora* ↓[?]), non obstante, non se pode atribuír a ningún dos códigos, xa que os seus tres compoñentes son dimorfos homófonos (Muysken 2000; Deuchar / Muysken / Wang, 2007), é dicir, formas equivalentes ou bivalentes (Woolard, 1998) nos dous códigos. Xa que logo, trátase de formas pragmaticamente neutras, mais non conversacionalmente irrelevantes, pois tras esa aparente neutralidade pódense esconder intencións comunicativas diversas e poden estar ao servizo da construción dunhas outras formas de identidade transformadoras (Woolard, 1998; ver Prego Vázquez, 2000, 2002 para o caso galego). Ora ben, entre 07 (**muy bien** ↓) e 09 (*nove* e media ou así ↓[?]), Charo produce unha alternancia de código, coa intención de converxer, dalgún modo, coa escolla de Jorge; pero ademais, esta alternancia actuaría como indicio dunha identidade híbrida que oscilaría entre o seu rol de traballadora do Concello (unha identidade construída a través da adopción dun estilo neutro¹⁰) e o seu rol de veciña do mundo rural. O carácter fortuito do encontro, nunha rúa do centro da vila de Gondomar mentres Charo está traballando, levaría á falante a ir modulando, nestes primeiros segundos da interacción, o seu estilo para construír unha identidade coherente co marco interpretativo propio da práctica conversacional da *leria*: esta práctica do mundo rural supón unha certa familiaridade no que ambos os dous interlocutores se constrúen e se recoñecen como veciños da parroquia.

No desenvolvemento posterior da secuencia, observamos novamente unha alternancia de código no discurso de Charo (entre 12-14 e 15, 17); a pesar de que entre 12-14 a falante mantén a converxencia co código proposto por Jorge (e que este continúa empregando en 10-11), en 15 e 17 introduce unha alternancia de código galego-castelán: 12 *ah* ↓ / 13 *entón* → / 14 *nada* ↓ / 15 **qué hora es** ↑[?] / (...) / 17 **y vente o así** ↓[?]. O *code-switching* ou alternancia de código é unha estratexia ao servizo da definición da situación, na medida en que pode producir cambios de marco (*frame*) ou cambios de alíñamento (*footings*) (Auer 1984, 1998b) e, en consecuencia, cambios na identidade construída polo falante no propio discurso¹¹. En efecto, no estilo bilingüe de Charo nesta secuencia obsérvase “certo grao de flutuación entre os códigos” (Rodríguez Yáñez 1995, 2004), que pon de manifesto unha certa hibridación na construción da súa identidade, acaso como traballadora a través dun estilo máis neutro, acaso como veciña a través dun estilo máis local.

⁸ Tamén a forma *tás* de 01 podería ser unha variante realizatoria do verbo galego, malia estar nun enunciado que nós marcamos como castelán. Con todo, preferimos marcala así por estar inserta nun enunciado prosódicamente castelán (ver nota seguinte).

⁹ O uso da forma *alguen* sen gheada por parte dunha falante que presenta ese trazo dialectal no seu estilo conversacional en código galego permítenos recoñecer o enunciado 01 como castelán, toda vez que ese pronome determina a distribución acentual e a prosodia de todo o enunciado.

¹⁰ Analizando o proceso de escolla de código nas interaccións comerciais no mercado de Lugo, Rodríguez-Yáñez (2004: 404) explica que en conversas con descoñecidos “é habitual adoptar usos lingüísticos que configuren un contexto conversacional e interpretativo de neutralidade”. Na secuencia que analizamos, Jorge e Charo non son descoñecidos; ben ao contrario, existe unha relación próxima e de confianza entre eles, pero, dado o contexto situacional no que se produce o encontro, Charo pon en práctica unha definición neutra da situación.

¹¹ Neste punto, é preciso sinalar que Auer (1998b: 7-8) distingue entre alternancias relacionadas co discurso (*discourse-related switching*) e alternancias relacionadas coas preferencias (*participant- (preference-) related switching*); as primeiras, indexan cambios de *frame* ou *footing* no propio discurso, mentres que as segundas relacionan aos participantes con categorías do contexto social.

O *code-switching* galego-castelán entre o enunciado 13 (entón →) e a pregunta pola hora de 15 (qué hora es ↑?) coa resposta da propia falante por aproximación en 17 (y veinte o así ↓?) —adiantándose, deste xeito, á contestación de Jorge que comeza en 16 (son →) e remata en 18 coa información precisa sobre a hora (e vintecinco ↓)— contrasta coa anterior alternancia de código castelán-galego en 07-09, tamén nun momento en que Charo preguntaba pola hora e respondía, ela mesma, a través dun enunciado aproximativo: 07 **muy bien** ↓ / 08 a *qué hora* ↓? (dimorfos homófonos) / 09 nove' e media ou así ↓?. Estas alternancias de código, que actúan ben como estratexias de converxencia (07-09), ben como estratexias de diverxencia (13-17) entre os falantes, máis un certo grao de bivalencia (Prego Vázquez, 2000, 2002) poderían indexar a construción identitaria híbrida de Charo, quizais como un xeito de buscar un equilibrio entre a exposición pública da súa imaxe profesional e a relación de veciñanza que establece con Jorge. Como podería ocorrer aquí, os fragmentos que presentan bivalencia servirían “para potenciar las similitudes de los participantes y contribuyen a la creación de pautas comunicativas e interpretativas compartidas” (Prego Vázquez 2000: 192).

A intervención reactiva de 19-20 (*ah* ↑ / *bueno* ↓) actúa como expresión confirmativa e, ao tempo, manifesta a tranquilidade de Charo ao coñecer a hora exacta; despois dunha pequena pausa (21), Jorge aclara que xa vai ser hora de que o recollan (22-24) para marchar a traballar. En 25, Charo toma a quenda para aclarar que o seu interlocutor non ten problema en agardar pola persoa que o vai recoller porque *tás acostumbrado*. Entre 19 e 25, as intervencións de Charo non son relevantes na negociación da escolla de código, xa que se trata de dimorfos homófonos ou formas non marcadas no galego coloquial, como ocorre con *acostumbrado* (25). A seguir, non obstante, Charo promove un cambio de tema que dá lugar á apertura dunha subsecuencia sobre o tempo meteorolóxico na que converge co código do seu interlocutor: 27 *fai calor* ↓.

Subsecuencia do tempo meteorolóxico: *Fai calor*.

- 27 Charo *fai calor* ↓?
 28 no ↓?
 29 Jorge *uff*
 30 <1>
 31 Charo estes días disque o fin de semana que cambia ↓
 32 <1,5>
 33 Jorge *pero::* →
 34 *bueno* ↓
 35 estes días ↑
 36 <1>
 37 estes días ten feito ↘
 38 *eh* ↑↑

Charo abre esta subsecuencia sobre o tempo e produce unha escolla de código converxente con Jorge, que manterá na súa intervención seguinte: 31 *estes días disque o fin de semana que cambia* ↓. A propia coincidencia na escolla de códigos, como estratexia de achegamento dos estilos dos falantes, vén confirmar a definición da situación dentro dun marco interpretativo de proximidade e intimidade da práctica da *leria*, onde se constrúen como veciños. Hai que ter en conta, ademais, que as secuencias sobre o tempo, en tanto fala de contacto ou *small talk* (Coupland 2000, 2003), axudan a estruturar a interacción e, neste caso, como parte da secuencia de apertura, a fala sobre o tempo meteorolóxico reforza a cohesión e a relación interpersonal entre os participantes.

Nesta primeira conversa, a escolla de código e as alternancias producidas polos falantes permiten observar como, xa na definición inicial da situación, se pon en práctica a negociación e construción das identidades. Así, a práctica conversacional *estar de leria*, que supón este encontro casual entre dous veciños do mundo rural, transferida a unha situación marcada como é o

momento de traballo de Charo, provoca un conflito entre as dúas facetas desta falante; o seu estilo con alternancias de código podería mostrar esa hibridación identitaria que oscilaría entre o +rural (veciña) e o -rural (traballadora).

No seguinte fragmento, que, como no caso anterior, constitúe unha apertura dunha conversa nun encontro casual entre Charo e Jorge mentres a primeira está a traballar, a negociación do código prodúcese dun xeito máis evidente, dado que a escolla de código garda relación co *framing* ou proceso de encadramento da conversa. A diferenza do caso anterior, onde os falantes producían xa dende as súas primeiras intervencións un marco de maior proximidade, aquí poderemos observar como os falantes aplican dous marcos interpretativos distintos nos primeiros intercambios.

Fragmento 2. Secuencia de apertura: *Jorge, que?*.

01	Charo	[dende lonxe] {[f][f][a] jor ^h ge\ que ↑ [?] }
02	Jorgeque cha _r ro ↓ [?]
03	Charo	((^L mir ^L a cla-))
04		a traballar ↑
05		hoy ↓
06		cla ^h ro \
07	Jorge	hoxe si ↑
08		home no ↓
09	Charoacabáis {[a] hoy} ↑ [?]
10		..a comer ↓
11		<2>
12	Jorge	si ^h i ↑
13	Charoaquí acabo _r hoy ↓
14	Jorge	^L aín ^L da vou o lunes ↓
		eh ↑
15	Charo	..bueno tú vas el lunes aún ↓
16	Jorge	{[b][p]si ↓}
17	Charoqué tal ↓ [?]
18		_r bien ↑ [?]
19	Jorge	be ^L en ^L ↑
20		e ti ↑ [?]
21		que tal teu pai ↑ [?]
22	Charo{[b]meu pai ben ↑}
23		_r bue _r
24	Jorge	^L va ^L i ben ↑ [?]
25	Charo	bueno carallo ↓
26		<1>

Esta secuencia pode estruturarse en dúas partes en función do marco interpretativo construído a partir do proceso conversacional de negociación da escolla de código: a primeira parte, entre 01 e 16, engloba o intercambio de saúdos (01-02) e a subsecuencia sobre o traballo (03-

16); a segunda, de 21 a 25, inclúe preguntas de interese sobre a familia. Entre as dúas partes hai unha breve transición (17-20) cun intercambio de pregunta de interese altamente ritualizado do tipo A: *que tal*, B: *ben*. O que nos interesa, por unha banda, é analizar como a negociación do código na primeira parte dá lugar á construción de identidades máis locais (como veciño) ou menos locais (como traballadora do concello) en relación coa definición da situación e o marco proxectado por cada un dos participantes no contexto do encontro casual no centro da vila; e, por outra, observar como a converxencia dos códigos a partir de 20 reencadra a interacción nun marco no que ambos os dous participantes se constrúen como veciños; neste sentido, é fundamental a pregunta de interese pola familia por parte de Jorge en 21.

Pois ben, esta conversa iniciase cun saúdo por parte de Charo (01 *jor*[↑]*ge*[↓] *que* [↑][?]) en forma de pregunta de interese, que Jorge responde tamén cun enunciado interrogativo (02 *que charo* [↓][?]). Esta apertura, a medio camiño entre fórmulas de saúdo e preguntas de interese, ten a estrutura dun par adxacente de saúdo que, ao mesmo tempo, pode interpretarse como unha “petición de novidades” (Moreno Fernández 1986: 251): en efecto, tanto 01 (*jor*[↑]*ge*[↓] *que* [↑][?]) como 02 (*que charo* [↓][?]), a pesar do seu carácter lexicalizado, amosan a predisposición dos falantes para *leriar*. Agora ben, este intercambio inicial, na medida en que constitúe un caso de dimorfos homófonos, dá lugar a unha apertura conversacionalmente neutra dende o punto de vista do código.

Na súa seguinte intervención, Charo propón xa unha escolla de código castelán: 04 *a trabaxar* [↑] / 05 *hoy* [↓]. Fronte a esta elección do código marcado como castelán por parte de Charo, Jorge produce unha escolla de código diferente, tal e como se observa nas súas intervencións 07 e 08: 07 *hoxe si* [↑] / 08 *home no* [↓]. A non converxencia nos códigos mantense durante as contribucións posteriores, na subsecuencia na que ambos os dous participantes falan do traballo: en 09 (*acabáis* { [a] *hoy* } [↑][?]), 13 (*aquí acabo hoy* [↓]) e 15 (*bueno tú vas el lunes aún* [↓]) Charo intervéen en castelán, mantendo a escolla inicial; pola súa parte, Jorge en 14 (aínda vou o *lunes* [↓]) emprega o código galego.

A negociación do código non coincide que se establece nestes primeiros intercambios contribúe a indexar as súas identidades: Charo sitúa a construción da súa identidade nun marco interpretativo neutro, a través dun estilo menos local no que a escolla do castelán constrúe unha identidade menos rural, acorde coa súa condición de traballadora nese momento; Jorge, en cambio, constrúe un marco de maior proximidade, mesmo de veciñanza, a través dun estilo máis rural e dunha escolla do código galego. Isto non quere dicir que, na conversa bilingüe, se poida establecer unha relación estrita entre a elección dun código e estruturas ou categorías socioculturais (galego/local/rural; castelán/non local/urbano); como sinalan Auer (1998b) e Gafaranga (2005), a dita relación hai que interpretala en termos de coñecemento compartido, neste caso, a través dos indicios estilísticos máis ou menos patrimoniais que empregan os falantes.

As contribucións de 17 e 20, como xa indicamos, actúan como transición entre a primeira parte, na que o tema central era o traballo, e a segunda parte, no que o tema vai ser a familia. A pregunta de interese de 17 (*qué tal* [↓][?]), seguida da pregunta confirmativa de 18 (*bien* [↑][?]) traslada a conversa a un ámbito máis íntimo e persoal. Con todo, a función transicional deste intercambio, no que a negociación do código segue estando presente —pois segue sen haber converxencia nos códigos de Charo e Jorge— ponse de manifesto no carácter convencionalizado do par adxacente, no que a resposta preferida é, tamén neste caso, *ben*.

A partir de 21, a pregunta de interese de Jorge (*que tal teu pai* [↑][?]) inicia unha subsecuencia sobre a familia na que se produce unha converxencia de códigos. Charo, en 22, emprega o mesmo código que o seu interlocutor, o galego, para emitir a súa resposta: 22 { [b] *meu pai ben* [↑] }. A converxencia con Jorge prodúcese co cambio de tema, de modo que Charo reencadra a súa participación no marco de proximidade e veciñanza. O cambio de estilo de Charo prodúcese, precisamente, cando se apela á súa privacidade en 21-22. A continuación, Jorge solicita máis información sobre o pai de Charo a través dunha nova pregunta (23 *vai ben* [↑][?]) e a falante contesta cunha fórmula de gran expresividade e un poderoso indicio de familiaridade ou camaradería: 24 *bueno carallo* [↓], que, neste caso, está ao servizo da expresión da obviedade do feito, acompañada dunha certa indignación, a través da xuntura tonal descendente ([↓]).

En efecto, na pragmática das falas de Galicia, o termo *carallo* e as súas construcións fraseolóxicas constitúen fortes indicios de complicidade, dado que 1) a súa interpretación está asociada co saber popular compartido polos membros da comunidade de fala galega e 2) están relacionados cos estilos de fala patrimoniais caracterizados pola expresividade enunciativa.

Esta breve subsecuencia de interese dentro da secuencia de apertura actúa como preludeo e introdución da secuencia seguinte (ver Fragmento 3), na medida en que os falantes constrúen o marco de intimidade propicio para despregar unha longa secuencia sobre a familia.

Fragmento 3: Secuencia sobre a familia: *ahora sin coche non pode pasear*.

- 27 Jorge ahora sin coche non pode pasear pero →
 28 Charo sin co↑che ↘
 29 dá máis a lata que outra cousa ↓
 30 **é un aburri:**↗do ↘
 31 Jorge ..hahaha
 32 ɾ((que va ↓))ɿ
 33 Charo ʔo::ɿi ↗
 34 que malo-
 35 que vello máis malo d'aguantar ↓
 36 de ɾverdá ehɿ ↑
 37 Jorge ʔahora o que querɿ →
 38 queri- .. quería pasear ↑
 39 ɾheheheɿ
 40 Charo o:ɿi (xx)ɿ ↗
 41 pero que vai faser se xa non mira ↓?
 42 ..{[a] na ↗}
 43 inda ha de comprar outro ↓
 44 ((bot' o de meɾnosɿ ↓))
 45 Jorge ʔsiɿ ↑?
 46 Charo ..si ↑
 47 el anda da cabeza: →
 48 Jorge ai ɾdiosɿ ↗
 49 Charo ʔ(xx) alɿgho ↓
 50 Jorge ..ɾai diosɿ ↗
 51 Charo ʔpa ma-ɿ pa matar a alghien ↓
 52 Jorge bu↗{[a] u} ↑
 53 Charo ..si ↑
 54 porqu' é un pelighro ((jorge)) ↓
 55 Jorge ho:me claro ↓
 56 <1>
 57 Charo xa non é:↘ el ↑
 58 el ↑
 59 ..bueno ↓
 60 pero →
 61 qu' o mellor dáslle a unha persona inosente o:u: →
 entendes ↑?
 62 Jorge ..e xa-


```

63      ..si \=
64 Charo      =e a leve por diante ↓
65            ou un crío ↑
66            ou calquer cousa ↓
67 Jorge      xa ↓
68            <1>
69            xa ɾxaɾ ↓
70 Charo      ɽnósɽ a querer quiɽtarllo daɽ cabeɽsa peroɽ el
              non →
71 Jorge      ɽno no noɽ ↓
72            ɽ((claro ↓))ɽ
73 Charo      el vai faser o que lle dé a ɾghanaɽ ↓
74 Jorge      ɽhomeɽ ↓
75 Charo      ....porque como fixo siempre o que lle deu           ra
              ghanaɽ ↑
76 Jorge      ɽha ha haɽ ha ha ha=
77 Charo      =[p] é o que hai ↓
78            <1>
79 Jorge      {[p] efectivaɽmenteɽ ↓}
80 Charo      ɽnon faiɽ nin caso ↓
81 Jorge      nin caɽso \
82            no no no ↓

```

Nesta segunda secuencia da conversa iniciada no Fragmento 2, os falantes desenvolven o tema do accidente do pai de Charo, de modo que, o que podería ser unha subsecuencia sobre a familia na apertura, convértese nunha secuencia independente. Este Fragmento 3 permite observar como a converxencia no código e a elección do que chamaremos *estilo patrimonial*, con indicios dialectais —como a gheada (*aghuanter* en 35, *algho* en 49, *alghien* en 51, *pelighro* en 54 etc.) (Prego Vázquez 2000, 2003) ou o seseo (*faser* en 41, *cabesa* en 47, *inosente* en 61 etc.)— e mais gran expresividade enunciativa —por exemplo, o alongamento vocálico e a xuntura ascendente-descendente en 30 (é un **aburri**:^ʔdo \) ou o enunciado ho:me claro ↓ de 55—, permiten construír identidades rurais, que se encadran dentro do marco interpretativo de privacidade e proximidade da *leria*. Hai que ter en conta, ademais, que este marco de familiaridade propicia a formulación de queixas, como en 30 ou en 73 e 75 (el vai faser o que lle dé a ghana ↓/...porque como fixo siempre o que lle deu a ghana ↑), e inqedanzas, como en 51 e 54 (pa ma- pa matar a alghien ↓ / porqu' é un pelighro ((jorge) ↓), que non só poñen de manifesto un *estilo de alta implicación* (Tannen 2005 [1984]), senón tamén, ao mesmo tempo, os fortes lazos que se establecen entre veciños do mundo rural.

Como acabamos de observar a través da análise de dúas secuencias de apertura (Fragmento 1 e Fragmento 2), a escolla de código, no proceso de negociación, permite indexar identidades xa dende o inicio da conversa. Ora ben, poderemos establecer algunhas diferenzas entre elas. Así, na primeira secuencia (Fragmento 1), prodúcese unha construción conxunta do marco de proximidade e veciñanza, de modo que o proceso conversacional de negociación da escolla de código ten que ver coa propia hibridación identitaria de Charo (quen é, ao tempo, traballadora do concello de Gondomar e veciña de Jorge); en cambio, na segunda (Fragmento 2), a escolla do código e a súa negociación están especificamente relacionadas coa negociación do marco interpretativo e a definición da situación na que se proxectarán as identidades: ao comezo, Charo xera un marco de traballo no que se presenta como traballadora mentres Jorge aplica un marco de maior proximidade (de acordo coa súa historia interaccional con Charo e coa práctica de *estar de lería*) no que actúa como veciño. Será a aceptación deste marco de privacidade por parte de Charo o que favoreza a converxencia e o reencadramento da súa participación na práctica da *lería*.

5.2. Escollo de código coincidente

Acabamos de ver dous casos de escollo de código non coincidente e o proceso conversacional de negociación que se produce nesas circunstancias. A continuación, imos analizar dúas secuencias de apertura nas que a escollo de código é coincidente: na primeira, a entrada en escena dun terceiro participante (coñecido dalgún dos falantes) motiva unha (re)definición da situación que non implica a apertura dun marco distinto; o novo falante asume o marco xa creado polos demais participantes e adopta un estilo converxente; no segundo caso, prodúcese unha mesma definición da situación dende o comezo, a través dunha coincidencia estilística, de modo que os participantes constrúen as súas identidades coherentemente con ela.

A primeira secuencia que imos analizar (Fragmento 4) corresponde cunha apertura incrustada dentro dunha conversa entre Charo e unha veciña, Maruxa, de máis idade, no centro da vila de Gondomar. A aparición dun novo falante, Jorge, dá lugar a unha secuencia de apertura, que permite a introdución deste falante no universo conversacional. En termos estruturais (Gallardo Paúls 1993; André-Larochébouvy 1984), este tipo de secuencias non poderían analizarse como aperturas, dado que non enmarcan a totalidade da conversa e, en consecuencia, non actúan como tránsito entre o silencio previo e a situación de fala que describen as devanditas autoras. En cambio, dende un punto de vista funcional, podemos argumentar que operan como verdadeiras aperturas, dado o seu carácter fático e relacional, que dan inicio a un novo momento de (re)definición da situación. Isto é, a entrada dun novo participante, coñecido por todos os falantes ou só por algún deles, precisa dunhas fórmulas de recibimento (saúdos, preguntas de interese etc.) e abre a posibilidade dunha nova definición da situación.

Fragmento 4. Secuencia de apertura incrustada: *Jorgito, que?*

- | | | |
|----|--------|---|
| 1 | Maruxa | <i>si</i> ↑ |
| 2 | | <i>pero</i> → |
| | | [aparece Jorge, camiñando cara ás falantes] |
| 3 | Charo | <i>jorgito</i> ↓ |
| 4 | | <i>que</i> ↓? |
| 5 | | <i>a onde vas</i> ↓? |
| 6 | Jorge | <i>que tal</i> ↓? |
| 7 | Charo | <i>...onde vas</i> ↑? |
| 8 | Jorge | <i>..vou::</i> → |
| 9 | | <i>..a comer</i> ↓ |
| 10 | Charo | <i>....a onde</i> ↓? |
| 11 | | <i>a donas</i> ↓?= |
| 12 | Jorge | <i>=no::</i> → |
| 13 | | <i>a: vilariño</i> ↑ |
| 14 | Charo | <i>..mui ben</i> ↑ |
| 15 | | {[ac]e vas andando ↓?} |
| 16 | Jorge | <i>vou andando vou</i> ↓ |
| 17 | Charo | <i>rsi</i> ↓ |
| 18 | | <i>está ben</i> ↓ _γ |
| 19 | | <i>rsi</i> ↓ _γ |
| 20 | Maruxa | <i>lhai que facer per_lna que está o temp_lo mu_li achuchado</i> ↓= |

- 21 Jorge =home rno ↑₁
 22 Charo Lno ↑₁
 23 está o día bo {[ac]tamén} ↑
 24 home ↓₁
 25 está un día bo pa dar un rpaseo₁ ↓
 26 Jorge Lsi ↑
 27 ho↓me ↓

O cambio na constelación de participantes, coa aparición de Jorge, suspende o desenvolvemento normal do encontro entre Charo e a súa veciña; en efecto, Maruxa interrompe a súa intervención (como se manifesta a través do tonema suspendido en 2) ante a inminente chegada doutro participante, que é recibido por Charo cunha fórmula de saúdo coloquial, o diminutivo máis pregunta de interese (3 *jorgito* ↓ / 4 *que* ↑₁). Esta fórmula de saúdo: 1) introduce a Jorge no universo conversacional ao identificar o novo falante e lexitímalo como interlocutor ante Maruxa, e 2) mantén a construción do marco de proximidade, e mesmo de familiaridade e veciñanza, no que se encadraba a interacción previa entre as dúas mulleres. En efecto, o emprego do apelativo *Jorgito* —forma do diminutivo do nome propio co sufixo castelán— ten un valor pragmático de afectividade (Lázaro Mora 1999; Martín Zorraquino 2012) que pon de manifesto a relación interpersonal familiar entre a falante (Charo) e o seu interlocutor (Jorge).

Malia que o sufixo *-ito* sexa fonoloxicamente castelán¹², Charo propón, na súa primeira intervención (3-5), unha escolla de código galego, que se fai evidente ao formular a pregunta de 5 (a onde vas ↓₁), reiterada en 7 (onde vas ↑₁), trala pregunta de interese de Jorge en 6 (*que tal* ↓₁). Ao responder, en 8 e 9 (vou:: → / ..a comer ↓), este último falante converge no código seleccionado por Charo. No desenvolvemento posterior da conversa, en forma de par adxacente pregunta (10-11)-resposta (12-13), cun terceiro membro en forma de coda valorativa ou *feedback* (14), ambos os dous falantes manteñen a elección de código e interactúan empregando o galego.

O mantemento do marco interpretativo de veciñanza, construído conxuntamente por Charo e Maruxa na conversa previa, podería explicar o mantemento tamén do mesmo código á chegada de Jorge, de modo que Charo lexitima a participación do mozo, en tanto veciño, na interacción, ao tempo que continúa a proxección da súa propia identidade local. A escolla de código converxente, por tanto, dá lugar a unha construción de identidades locais por parte de Charo e Jorge: ambos os dous interlocutores constrúense discursivamente como veciños e recoñécense como membros da mesma comunidade de prácticas do mundo rural.

Precisamente, este marco de veciñanza é o que lle permite a Maruxa intervir en 20 para formular un consello: hai que facer perna que está o tempo mui achuchado ↓. Os consellos, dende o punto de vista da cortesía conversacional, constitúen actos de fala directivos non impositivos, orientados a producir un beneficio para o interlocutor (Searle 1976). Pero, ademais, aquí, a emisión do consello por parte de Maruxa ten un carácter case proverbial; Maruxa, como voz autorizada pola experiencia, recorre á sabedoría popular sobre a complicada situación da época (*o tempo achuchado*) para a enunciación do consello, que non só busca un beneficio para Jorge, destinatario inmediato, senón que manifesta un sentimento de preocupación xeral polo veciño, mesmo sendo este unha persoa descoñecida, característico do mundo

¹² A alternancia *-ito/a* / *-iño/a* é significativa no estilo conversacional dos galegos e das galegas, na medida en que a forma galega vehicula unha maior carga afectiva; ora ben, a imposibilidade de documentar o uso de *-iño/a* no estilo de Charo, polo menos nos fragmentos analizados, impídenos conxectar sobre os valores pragmáticos dunha potencial alternancia entre diminutivos casteláns (*-ito/a*) ou galegos (*-iño/a*) e sobre a súa rendibilidade no proceso de negociación de escolla de código que estamos analizando. Por esta razón, preferimos anotar o apelativo *Jorgito* (en cursiva tamén na transcripción) como un segmento non identificable como pertencente a un código con exclusión do outro, ante a falla de evidencias de que se trate dun trazo estilístico individual —é dicir, que a falante adoite empregar o sufixo *-ito/a* nos diminutivos de nomes propios— ou de que no seu estilo haxa alternancias *-ito/a* / *-iño/a* nese contexto.

rural tradicional (Lisón Tolosana 2004 [1979]; Mariño Ferro 2000). Maruxa e Jorge non se coñecen; interactúan por vez primeira nese encontro no centro da vila de Gondomar, no que nin sequera Charo, na súa condición de intermediaria, os presentou. Así e todo, a conservación do marco de veciñanza previo e a construción de identidades locais a través dun *estilo patrimonial* (e, por suposto, do mantemento da escolla do código galego) autorizan a Maruxa a intervir na conversa. O tonema ascendente do enunciado *home no* ↑ de Jorge en 21 permítenos interpretar, por unha banda, como aceptación do consello e, por outra, como recoñecemento de Maruxa como membro da súa comunidade, na que os consellos, nas prácticas discursivas máis rurais, adquiren un carácter proverbial e de reforzo do vencello interpersonal.

Ao final da apertura, Charo realiza unha valoración sobre o tempo meteorolóxico (23 *está o día bo* {[ac] tamén} ↑), que completa o consello de Maruxa e dá paso a unha nova secuencia sobre a oportunidade que ofrece ese día de bo tempo para pasear (23 *está un día bo pa dar un paseo* ↓).

A escolla de código coincidente tamén se pode producir dende o inicio da conversa, de modo que a negociación dá lugar a un acordo na definición da situación a través da construción conxunta do marco interpretativo de proximidade e veciñanza que contextualiza a actividade conversacional. Así, na secuencia de apertura do Fragmento 5, coa que comeza un novo encontro entre Charo e Jorge, a converxencia estilística cunha escolla de código coincidente indexa identidades locais rurais.

Fragmento 5. Secuencia de apertura: *Que tal?*

- [Jorge e Charo están a certa distancia]
- 01 Jorge *que ta:tl* ↓?
- 02 Charo *a onde vas* ↓?
- 03 Jorge *....vou pa'riba* ↓
- 04 Charo *....hos hai claʃses* ↓?
- 05 Jorge *.....e::* ↘
- 06 *si:* ↑
- 07 *aquí si* ↑
- 08 Charo *..a::y* ↗
- 09 *dionisio* [fillo de Charo] *tamén tuvo hos* ↓
- 10 Jorge *..donde* [non hai- ↑]
- 11 Charo [Chegando a xunto Jorge] *que tal* ↓↓
- 12 *chulo* ↓
- 13 <l>
- 14 Jorge *é en pontevedra* ↑
- 15 Charo *....bueno* ↓
- 16 Jorge *....en p̣ontevedra é::* ↗ *festivo* ↓
- 17 *sempre* ↓
- 18 Charo *L{[ac] en pontevedra é fes↓tivo ↓}*
- 19 *..a::h* ↗
- 20 *bue:no* ↓
- 21 Jorge *..pero::* →
- 22 *en-*
- 23 *nos demais sitios si que hai* ↑
- 24 Charo *te veñen a buscar* ↑?
- 25 <l>
- 26 Jorge *{[p] si* ↓
- 27 *cóllenme ((aquí ↓))*

28 Charoestupendo ↓
 29 <1,5>
 30 está ben ↑

Como xa ocorría nas aperturas dos Fragmentos 1, 2 e 4, unha pregunta de interese (01 que ta: ↑1 ↓?) abre a conversa; neste caso, ademais, a ausencia de resposta verbal, como segundo membro do par adxacente pregunta-resposta, por parte da interlocutora pon de relevo o carácter formulaico do saúdo. En 02, Charo, a certa distancia proxémica de Jorge, formula outra pregunta de interese (a onde vas ↓?) en galego. Na súa resposta de 03 (vou pa'riba ↓), a elección coincidente de código por parte de Jorge permite comprobar a converxencia estilística e, en consecuencia, a aceptación e confirmación do marco interpretativo de familiaridade, adecuado para a práctica da *leria* no mundo rural, no que se producirá a construción de identidades máis locais.

En efecto, o uso do galego dialectal, fronte ás variedades do estándar (connotado como urbano), indexa unha identidade local. Así, Charo, achegándose xa ao seu interlocutor, continúa fornecendo o marco de familiaridade con outra pregunta (03 hos hai claíses ↓?) na que emprega un *estilo patrimonial* con trazos dialectais (por exemplo, a forma apocopada *hos* [os] ou [oɨ]). Trala resposta afirmativa de Jorge (05-07), Charo volve facer uso da forma dialectal *hos*, que caracteriza o seu estilo máis local, na súa intervención de 08-09 (a: :y ↗ / dionisio tamén tuvo hos ↓).

En 10, Jorge comeza unha aclaración (donde non hai- ↑), interrompida, mediante un solapamento, por Charo (no momento en que esta falante chega ao lugar xusto onde se atopa agardando Jorge pola persoa que o vai levar ao traballo) para formular unha pregunta de interese intensificada cun termo de afectividade (11 que tal ↓ / 12 chulo ↓), actualizando así a apertura. Non hai, porén, redefinición da situación, xa que Jorge ignora aparentemente este novo intercambio de saúdos e, en 14-17, retoma o fío de 10 para rematar a súa aclaración: 10 donde non hai- ↑ / (...) / 14 é en pontevedra ↑ / (...) / 16 en pontevedra é:: festivo ↓ / 17 sempre ↓. A escolla de código coincidente que os falantes realizan nestas intervencións mantérase xa ata o final da secuencia, que remata coa formulación da pregunta de interese por parte de Charo en 24 (te veñen a buscar ↑?), a resposta de Jorge en 26-27 (sí ↓ / cóllenme ((aquí ↓))) e a valoración final da súa interlocutora en 28 e 30: 28estupendo ↓ / 30 está ben ↑.

A escolla coincidente do código galego e mais dun estilo de fala máis patrimonial (máis local e familiar), favorece a construción de identidades conversacionais máis locais na práctica da *leria*, do *falar por falar*; o estilo galego dialectal, cunha gran expresividade, xorde nas prácticas interaccionais entre veciños das redes rurais (dentro do continuo rurbano) e, en consecuencia, indexa identidades netamente rurais. De feito, como apunta Diz Ferreira (2016), a presenza de trazos dialectais no estilo discursivo dos falantes, mesmo cando non están empregando un código galego, é un elemento indexical de identidades máis locais.

6. CONCLUSIONES

A escolla de código (coincidente ou non coincidente) e a negociación conversacional en volta da súa elección nas secuencias analizadas están ao servizo da construción das identidades conversacionais dos falantes, xa que, como indicio de contextualización, a elección dun código dá lugar á interpretación situada, encadrada, das emisións de cada participante e, en consecuencia, das representacións do seu *self*. Dado que as secuencias de apertura constitúen o momento idóneo para definir conxuntamente a situación e mais o significado do encontro e a práctica conversacional nel desenvolta (que, no noso caso, sería *estar de leria* ou *parolar*), a escolla de código e a súa negociación fornecen o proceso de encadramento (*framing*) e o marco interpretativo (de neutralidade/traballo, de veciñanza etc.) no que identidades máis rurais (de veciño) ou menos rurais (de traballadora) serán postas en práctica.

A escolla de código non coincidente dá lugar a un proceso de negociación conversacional que pon de manifesto a identidade híbrida de falantes que teñen bagaxes culturais rurbanas. Neste caso, as alternancias de código (*code-switching*) xunto con certa bivalencia no estilo conversacional de Charo (Fragmento 1) reflicten precisamente esa identidade híbrida e o propio proceso dinámico de construción identitaria no transcurso da interacción, ora como traballadora no centro da vila de Gondomar, ora como veciña dunha parroquia eminentemente rural. En troques, cando o proceso de negociación do código está relacionado coa aplicación de marcos interpretativos distintos, como ocorre no Fragmento 2, as identidades construídas (como “traballadora”, como “veciños” etc.) proxéctanse sobre a base do esquema cognitivo determinado por cada marco. Neste caso, Charo comeza producindo un marco de traballo no que actúa, en consecuencia, como traballadora, de modo que a escolla de código indexa unha identidade menos rural; a converxencia de código posterior ten que ver co reencadramento da súa práctica conversacional e a aplicación dun mesmo marco interpretativo no que tanto Charo como o seu interlocutor, Jorge, se constrúen como veciños do mundo rural.

Pola súa banda, a escolla de código coincidente, que podería levar a unha converxencia estilística, permite a Charo e Jorge construír e recoñecer a súa identidade rural, de veciños. No caso en que a secuencia de apertura, motivada polo cambio na constelación de participantes, dá inicio a unha nova redefinición da situación dentro dunha interacción en curso, a negociación da escolla de código estará orientada polo mantemento ou non do marco interpretativo; deste xeito, no Fragmento 4, o mantemento do marco de veciñanza construído por Charo e Maruxa na conversa previa dá pé a que, trala chegada de Jorge, Charo recoñeza o novo participante tamén como veciño e manteña a escolla de código galego. Por último, no Fragmento 5, a coincidencia na escolla dun código galego e dun estilo máis patrimonial (máis dialectal, máis familiar) está ao servizo da construción das identidades rurais nese marco de veciñanza da práctica da *leria*.

A *leria*, actualizada nun contexto situacional, en principio, menos rural, é unha práctica conversacional na que se pode analizar o proceso de construción das identidades no discurso. A escolla de código, o *code-switching* e as eleccións estilísticas actúan como indicios de contextualización que, na medida en que contribúen á negociación do código e a un proceso de converxencia estilística, poñen de relevo a hibridación identitaria e a biculturalidade dos falantes.

AGRADECEMENTOS

Quixera agradecer o traballo incansable de Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, director da miña tese de doutoramento, pola súa atenta lectura e os seus oportunos comentarios, que sen dúbida terán mellorado a redacción deste artigo, así como polo seu constante apoio. Non me quero esquecer tampouco das persoas, amigas e veciñas, que participan nas interaccións analizadas na tese e neste artigo.

ANEXO. CONVENCIONS DE TRANSCRICIÓN

Normas xerais de transcripción:

- Numeración dos segmentos de fala: cada liña numerada indica unha unidade ou sub-unidade prosódica.
- Os falantes identifícanse cun nome propio, un pseudónimo que non coincide co seu nome real.

Tipografía:

- Tipografía: O tipo de letra empregado na transcripción é *Courier new*, 9 puntos.
- Identificación dos códigos:
 - Letra normal redonda: galego.
 - **Letra negra**: castelán.
 - *Letra cursiva*: segmentos non atribuíbles a ningún dos dous códigos.
- Os antropónimos, topónimos e outros nomes propios transcríbense sempre en minúscula.

Fenómenos fonéticos dialectais:

- Seseo: Utilízase a grafía <s> para a realización seseante do fonema fricativo interdental xordo /θ/.
- Gheada: Utilízase o dígrafo <gh> para as posibles realizacións deste fenómeno.

Símbolos de transcripción

┌	Lugar onde comeza un solapamento.
└	Lugar onde conclúe un solapamento.
-	Interrupcións e autocorreccións.
..	Pausa breve entre 0" y 0,5".
....	Pausa breve entre 0,5" y 1".
<1>	Pausa de máis de 1".
Letra maiúscula	Énfases da vogal tónica.
↑	Entoación ascendente.
↗	Entoación semiascendente.
→	Entoación sostida.
↘	Entoación semidescendente.
↓	Entoación descendente.
?	Entoación interrogativa.
:	Alongamento dun son.
=	Engarzamento de voces: o falante comeza a falar sen pausa aparente.
[p]	Volume baixo ou <i>piano</i> .
[ac]	Ritmo acelerado.
[b]	Ton grave.
[a]	Ton agudo.
{}	Segmento afectado polo fenómeno prosódico [p], [ac], [b] e [a].
(())	Transcripción dubidosa.
(xx)	Segmento inaudible ou indescifrábel: poranse tantas aspas como golpes de voz se aprecien.
[]	Información paralingüística e anotacións do transcriptor.
ha ha	Risos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alfonzetti, Giovanna (1992): *Il discorso bilingue: italiano e dialetto a Catania*. Milano: F. Angeli.
- Álvarez Cáccamo, Celso (1990): *The Institutionalization of Galician: Linguistic Practices, Power, and Ideology in Public Discourse*. Berkeley: University of Berkeley. Tese de doutoramento inédita.
- Álvarez Cáccamo, Celso (1998): "From «switching code» to «code-switching»: towards a reconceptualisation of communicative codes", en Peter Auer (ed.), *Code-switching in conversation: language, interaction and identity*. London: Routledge, 29-48.
- Álvarez Cáccamo, Celso (2000): "Para um modelo do «code-switching» e a alternância de variedades como fenómenos distintos: dados do discurso galego-português/espanhol na Galiza". *Sociolinguistic Studies* 1 (1), 111-128. <https://doi.org/10.1558/sols.v1i1.111>.
- André-Larochebouvry, Danielle (1984): *Introduction à l'analyse sémio-linguistique de la conversation*. Paris: Didier.
- Antaki, Charles / Sue Widdicombe (eds.) (1998a): *Identities in talk*. London: SAGE Publications. <https://doi.org/10.4135/9781446216958>.
- Antaki, Charles / Widdicombe, Sue (1998b): "Identity as an Achievement and as a Tool", en Charles Antaki / Sue Widdicombe (eds.), *Identities in Talk*. London: SAGE Publications, 1-14. <http://dx.doi.org/10.4135/9781446216958.n1>.
- Arminen, Ilkka (2005): "Sequential order and sequence structure: the case of incommensurable studies on mobile phone calls", *Discourse Studies* 7 (6), 649-662. <https://doi.org/10.1177/1461445605055421>.
- Arminen, Ilkka / Minna Leinonen (2006): "Mobile phone call openings: tailoring answers to personalized summonses", *Discourse Studies* 8 (3), 339-368. <https://doi.org/10.1177/1461445606061791>.
- Auer, Peter (1984): *Bilingual Conversation*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Company. <https://doi.org/10.1075/pb.v8>.
- Auer, Peter (ed.) (1998a): *Code-switching in conversation: language, interaction and identity*. London: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9780203017883>.
- Auer, Peter (1998b): "Introduction: Bilingual conversation revisited", en Peter Auer (ed.), *Code-switching in conversation: language, interaction and identity*. London: Routledge, 1-24.
- Bamberg, Michael / Anna De Fina / Deborah Schiffrin (eds.) (2007): *Selves and Identities in Narrative and Discourse*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Company. <https://doi.org/10.1075/sin.9>.
- Bamberg, Michael / Anna De Fina / Debora Schiffrin (2011): "Discourse and Identity Construction", en Seth J. Schwartz / Koen Luyckx / Vivian L. Vignoles (eds.), *Handbook of Identity Theory and Research*. New York: Springer New York, 177-199. https://doi.org/10.1007/978-1-4419-7988-9_8.
- Berger, Peter L. / Thomas Luckmann (1984 [1967]): *La construcción social de la realidad*. Madrid: H.F. Martínez de Murguía.
- Coronel-Molina, Serafín M. (1998): "Openings and Closings in Telephone Conversations between Native Spanish Speakers", *Working Papers in Educational Linguistics (WPEL)* 14 (1), 49-68.
- Coupland, Justine (ed.) (2000): *Small talk*. Harlow / New York: Longman.
- Coupland, Justine (2003): "Small Talk: Social Functions", *Research on Language & Social Interaction*, 36 (1), 1-6. https://doi.org/10.1207/S15327973RLSI3601_1.
- Davies, Bronwyn / Rom Harré (1990): "Positioning: The Discursive Production of Selves", *Journal for the Theory of Social Behaviour* 20 (1), 43-63. <https://doi.org/10.1111/j.1468-5914.1990.tb00174.x>.
- De Fina, Anna (2011): "Discourse and Identity", en Teun A. Van Dijk (ed.), *Discourse Studies: A Multidisciplinary Introduction*. London: SAGE Publications, 263-282. <https://doi.org/10.4135/9781446289068.n13>.
- De Fina, Anna / Deborah Schiffrin / Michael Bamberg (eds.) (2006a): *Discourse and identity*. Cambridge / New York: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511584459>.
- De Fina, Anna / Deborah Schiffrin / Michael Bamberg (2006b): "Introduction", en Anna De Fina / Deborah Schiffrin / Michael Bamberg (eds.), *Discourse and identity*. Cambridge / New York: Cambridge University Press, 1-23. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511584459.001>.
- Deuchar, Margaret / Pieter Muysken / Sung-Lan Wang (2007): "Structured Variation in Codeswitching: Towards an Empirically Based Typology of Bilingual Speech Patterns", *International Journal of Bilingual Education and Bilingualism* 10 (3), 298-340. <https://doi.org/10.2167/beb445.0>.

- Diz Ferreira, Jorge (2016): "La acomodación lingüística en la interacción bilingüe gallego-castellano: Estrategias discursivas de convergencia y divergencia en secuencias de conflicto", *Tonos digital: Revista electrónica de estudios filológicos* 31. <http://www.tonosdigital.es/ojs/index.php/tonos/article/view/1511> [30/01/2017].
- Duranti, Alessandro (2000): *Antropología lingüística*. Madrid: Ediciones AKAL.
- Eckert, Penelope (2006): "Communities of Practice", en Keith Brown (ed.), *Encyclopedia of Language & Linguistics*. Amsterdam: Elsevier, 683-685. <https://doi.org/10.1016/b0-08-044854-2/01276-1>.
- Eckert, Penelope / Étienne Wenger (2005): "Communities of practice in sociolinguistics. What is the role of power in sociolinguistic variation?", *Journal of Sociolinguistics* 9 (4), 582-589. <https://doi.org/10.1111/j.1360-6441.2005.00307.x>.
- Fairclough, Norman (1989): *Language and power*. London / New York: Longman.
- Foucault, Michel (1988): "The ethic of the care for the self as a practice of freedom", en James W. Bernauer / David M. Rasmussen (eds.), *Michel Foucault: The final Foucault*. Cambridge: MIT Press.
- Foucault, Michel (2002): *Archaeology of knowledge*. London / New York: Routledge.
- Gafaranga, Joseph (2005): "Demythologising language alternation studies: conversational structure vs. social structure in bilingual interaction", *Journal of Pragmatics* 37 (3), 281-300. <https://doi.org/10.1016/j.pragma.2004.10.002>.
- Gal, Susan / Kathryn A. Woolard (eds.) (2001): *Languages and publics: the making of authority*. Manchester: St. Jerome Publishing. <https://doi.org/10.4324/9781315759647>.
- Gallardo Paúls, Beatriz (1993): *Lingüística perceptiva y conversación: secuencias*. Valencia: Universitat de València.
- Goffman, Erving (1997 [1959]): *La presentación de la persona en la vida cotidiana*. Buenos Aires: Amorrortu.
- Goffman, Erving (2005 [1967]): *Interaction ritual: essays in face-to-face behavior*. New Brunswick: Aldine Transaction.
- Goffman, Erving (2006 [1976]). *Frame analysis: los marcos de la experiencia*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Golopenia-Eretescu, Sanda (1986): *L'histoire conversationnelle*. Urbino: Centro Internazionale di Semiotica e di Linguistica.
- Gondar Portasany, Marcial (1993): *Crítica da razón galega: entre nós-mesmos e nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra.
- Goodwin, Charles (1981): *Conversational organization: interaction between speakers and hearers*. New York: Academic Press.
- Grosjean, François (1982): *Life with Two Languages: Introduction to Bilingualism*. Massachusetts: Harvard University Press.
- Gumperz, John J. (1964): "Hindi-Punjabi code-switching in Delhi", en Horace G. Lunt (ed.), *Proceedings of the Ninth International Congress of Linguists, Cambridge, Massachusetts, 1962*. The Hague: Mouton, 1115-1124.
- Gumperz, John J. (1982a): *Discourse Strategies*. Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/cbo9780511611834>.
- Gumperz, John J. (ed.) (1982b): *Language and social identity*. Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511620836>.
- Gumperz, John J. / Jenny Cook-Gumperz (1982): "Introduction: Language and the communication of social identity", en John J. Gumperz (ed.), *Language and Social Identity*. Cambridge: Cambridge University Press, 1-21. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511620836.003>.
- Gumperz, John J. / Dell H. Hymes (eds.) (1986 [1972]): *Directions in sociolinguistics: the ethnography of communication*. Oxford / New York: Wiley-Blackwell.
- Hammersley, Martyn / Paul Atkinson (2007 [1983]). *Ethnography: principles in practice*. London / New York: Routledge.
- Heller, Monica (1978): "«Bonjour, hello?»: Negotiations of Language Choice in Montreal", *Annual Meeting of the Berkeley Linguistics Society* 4, 588-597. <https://doi.org/10.3765/bls.v4i0.2239>.
- Heller, Monica (1982): "Negotiations of language choice in Montréal", en John J. Gumperz (ed.), *Language and social identity*. Cambridge: Cambridge University Press, 108-118. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511620836.009>.
- Hopper, Robert (1992): *Telephone Conversation*. Bloomington: Indiana University Press.
- Hymes, Dell H. (1986 [1972]): "Models of the Interaction of Language and Social Life", en John J. Gumperz / Dell H. Hymes (eds.), *Directions in sociolinguistics: the ethnography of communication*. Oxford / New York: Wiley-Blackwell.

- Kerbrat-Orecchioni, Catherine (1998 [1990]): *Les interactions verbales. Tome 1: Approche interactionnelle et structure des conversations*. Paris: Armand Colin.
- Kerbrat-Orecchioni, Catherine (2000): "L'analyse des interactions verbales: La notion de «négotiation conversationnelle»: défense et illustrations", *Lalies* 20, 63-141.
- Kerbrat-Orecchioni, Catherine (2005): *Le discours en interaction*. Paris: Armand Colin.
- Kroskrity, Paul V. (1993): *Language, history, and identity: ethnolinguistic studies of the Arizona Tewa*. Tucson: University of Arizona Press.
- Kroskrity, Paul V. (1999): "Identity", *Journal of Linguistic Anthropology* 9 (1-2), 111-114. <https://doi.org/10.1525/jlin.1999.9.1-2.111>.
- Labov, William (1972): *Sociolinguistic Patterns*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- Lave, Jean / Étienne Wenger (1991): *Situated learning: legitimate peripheral participation*. Cambridge / New York: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511815355>.
- Lázaro Mora, Fernando A. (1999): "La derivación apreciativa", en Ignacio Bosque / Violeta Demonte (eds.), *Gramática descriptiva de la lengua española: 3. Entre la oración y el discurso. Morfología*. Madrid: Espasa Calpe. 4645-4682.
- Lindström, Anna (1994): "Identification and recognition in Swedish telephone conversation openings", *Language in Society* 23 (2), 231-252. <https://doi.org/10.1017/S004740450001784X>.
- Lisón Tolosana, Carmelo (2004 [1979]): *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Akal.
- Luke, Kang Kwong / Theodossia-Soula Pavlidou (eds.) (2002): *Telephone calls: unity and diversity in conversational structure across languages and cultures*. Amsterdam: John Benjamins Publishing. <https://doi.org/10.1075/pbns.101>.
- Malinowski, Bronislaw (2001 [1922]): *Los argonautas del Pacífico Occidental: comercio y aventura entre los indígenas de la Nueva Guinea melanésica*. Barcelona: Península.
- Mariño Ferro, Xosé Ramón (2000): *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Martín Zorraquino, María Antonia (2012): "Los diminutivos en español: aspectos morfológicos, semánticos y pragmáticos. Los valores estilísticos de los diminutivos y la teoría de la cortesía verbal", en Luis Luque Toro / José Francisco Medina Montero / Rocío Luque (eds.), *Léxico español actual III*. Venezia: Libreria Editrice Cafoscarina, 123-140.
- Mead, Margaret (1928): *Coming of age in Samoa: a psychological study of primitive youth for western civilisation*. New York: W. Morrow & Company.
- Milroy, Lesley / Pieter Muysken (eds.) (1995): *One Speaker, Two Languages: Cross-Disciplinary Perspectives on Code-Switching*. Cambridge / New York: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/cbo9780511620867>.
- Moreno Fernández, Francisco (1986): "Sociolingüística de los rituales de acceso en una comunidad rural", *LEA: Lingüística española actual* 8 (2), 245-268.
- Muysken, Pieter (2000): *Bilingual speech: a typology of code-mixing*. Cambridge / New York: Cambridge University Press.
- Myers-Scotton, Carol (1983): "The negotiation of identities in conversation: a theory of markedness and code choice", *International Journal of the Sociology of Language* 44, 115-136. <https://doi.org/10.1515/ijsl.1983.44.115>.
- Myers-Scotton, Carol (1988): "Codeswitching as indexical of social negotiations", en Monica Heller (ed.), *Codeswitching: Anthropological and Sociolinguistic Perspectives*. Berlin, New York: Mouton De Gruyter. <https://doi.org/10.1515/9783110849615.151>.
- Myers-Scotton, Carol (2000): "Explaining the role of norms and rationality in codeswitching", *Journal of Pragmatics* 32 (9), 1259-1271. [https://doi.org/10.1016/S0378-2166\(99\)00099-5](https://doi.org/10.1016/S0378-2166(99)00099-5).
- Prego Vázquez, Gabriela (2000). *Prácticas discursivas, redes sociales e identidades en Bergantiños (Galicia): la interacción comunicativa en una situación de cambio sociolingüístico*. A Coruña: Universidade da Coruña. Tese de doutoramento inédita.
- Prego Vázquez, Gabriela (2002): "La bivalencia lingüística gallego/español como estrategia discursiva", en Alberto Bernabé Pajares et al. (eds.), *Presente y futuro de la lingüística en España. La Sociedad de Lingüística, 30 años después: Actas del II Congreso de la Sociedad Española de Lingüística. Volumen II*. Madrid: Sociedad Española de Lingüística, 641-648.
- Prego Vázquez, Gabriela (2003): "Comprando leitugas, leitughas e lechughas. Reformulaciones e negociación de identidades na feira", en María del Carmen Cabeza Pereiro / Anxo M. Lorenzo Suárez / Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual communities and individuals: Proceedings from First International Symposium on Bilingualism (Vigo, 1997)*. Vigo: Universidade de Vigo, 94-103.

- Prego Vázquez, Gabriela (2007): "Frame conflict and social inequality in the workplace: professional and local discourse struggles in employee/customer interactions". *Discourse & Society* 18 (3), 295-335. <https://doi.org/10.1177/0957926507075478>.
- Prego Vázquez, Gabriela (2010): "Communicative styles of code-switching in service encounters: The frames manipulation and ideologies of 'authenticity' in institutional discourse", *Sociolinguistic Studies* 4 (2), 371-412. <https://doi.org/10.1558/sols.v4i2.371>.
- Prego Vázquez, Gabriela / Luz Zas Varela (2015): "Identidades en los márgenes de la superdiversidad: prácticas comunicativas y escalas sociolingüísticas en los nuevos espacios educativos multilingües en Galicia". *Discurso & Sociedad* 9 (1, 2), 165-196.
- Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo (1995): *Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo: as alternancias de lingua galego/castelán e a negociación da escola de lingua (estudio etnográfico e sociolingüístico da interacción campo-cidade nun espazo urbano)*. A Coruña: Universidade da Coruña. Tese de doutoramento inédita.
- Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo (2004): "O proceso de negociación conversacional da escola de código nunha interacción no mercado de Lugo", en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade: actas do I Congreso Internacional: 16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua galega, 403-414.
- Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo / Hakan Casares Berg (2002-2003): "The Corpus of Galicia / Spanish Bilingual Speech of the University of Vigo: Codes tagging and automatic anotation". *Sociolinguistic Studies*, 3 (2) & 4 (1), 358-382. <https://doi.org/10.1558/sols.v4i1.358>.
- Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo et al. (2001): "El Corpus Informatizado de Fala Bilingüe Galego/Castelán de la Universidad de Vigo: presentación y problemas de identificación y etiquetado de los códigos gallego y castellano", en Ana Isabel Moreno Fernández (ed.), *Perspectivas recientes sobre el discurso*. León: Universidad de León, 188.
- Romaine, Suzanne (1995 [1989]): *Bilingualism*. Oxford / Cambridge: Blackwell.
- Saville-Troike, Muriel (2003 [1982]): *The ethnography of communication: an introduction*. Oxford / New York: Blackwell. <https://doi.org/10.1002/9780470758373>.
- Schegloff, Emanuel A. (1967): *The first five seconds: the order of conversational opening*. Berkeley: University of California. Tese de doutoramento inédita.
- Schegloff, Emanuel A. (1968): "Sequencing in Conversational Openings", *American Anthropologist* 70 (6), 1075-1095. <https://doi.org/10.1525/aa.1968.70.6.02a00030>.
- Schegloff, Emanuel A. (1979): "Identification and Recognition in Telephone Conversation Openings", en George Psathas (ed.), *Everyday Language: Studies in Ethnomethodology*. New York: Irvington Publishers, 23-78.
- Searle, John R. (1976): "A classification of illocutionary acts", *Language in Society* 5 (1), 1-23. <https://doi.org/10.1017/S0047404500006837>.
- Silverstein, Michel (1976): "Shifters, Linguistic Categories, and Cultural Description", en Keith H. Basso / Henry A. Selby (eds.), *Meaning in Anthropology*. Albuquerque: University of New Mexico Press, 11-55.
- Spradley, James P. (1979): *The ethnographic interview*. New York: Holt, Rinehart and Winston.
- Spradley, James P. (1980): *Participant observation*. New York: Holt, Rinehart and Winston.
- Tannen, Deborah (ed.) (1993): *Framing in discourse*. New York: Oxford University Press.
- Tannen, Deborah (2005 [1984]): *Conversational style: analyzing talk among friends*. New York: Oxford University Press.
- Ten Have, Paul (2002): "Comparing telephone call openings: Theoretical and methodological reflections", en Kang Kwong Luke / Theodossia-Soula Pavlidou (eds.), *Telephone Calls: Unity and diversity in conversational structure across languages and cultures*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Company, 234-248. <https://doi.org/10.1075/pbns.101.15ten>.
- Tusón Valls, Amparo (1997): *Análisis de la conversación*. Barcelona: Ariel.
- Wenger, Étienne (2001 [1998]): *Comunidades de práctica: aprendizaje, significado e identidad*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- Wolf, Mauro (1982): *Sociologías de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra.
- Woolard, Kathryn A. (1989): *Double talk: bilingualism and the politics of ethnicity in Catalonia*. Stanford, California: Stanford University Press.
- Woolard, Kathryn A. (1998): "Simultaneity and Bivallency as Strategies in Bilingualism", *Journal of Linguistic Anthropology* 8 (1), 3-29. <https://doi.org/10.1525/jlin.1998.8.1.3>.

Woolard, Kathryn A. (2007): "La autoridad lingüística del español y las ideologías de la autenticidad y el anonimato", en José Del Valle (ed.), *La lengua, ¿patria común?: ideas e ideologías del español*. Madrid: Iberoamericana, 129-142.

Zerubavel, Eviatar (1981): *Hidden rhythms: schedules and calendars in social life*. Berkeley: University of California Press.